

O que dixemos na cuestión de confianza do alcalde

Pois, a ver si nos aclaramos.

Estamos aquí para decidir se confiamos no sr. alcalde, porque tivo a valentía de poñer o seu cargo apostando contra uns orzamentos dos cales a máxima responsable é a concelleira máis valorada do seu goberno.

¡Vaia mérito!. Tamén nós apostamos o mesmo.

Si señor, que valente é vostede cando supedita a confianza nunha fórmula legal onde a perda desta non implica o seu cese inmediato, e iso é o que tiña que facer, polo súa credibilidade, pola credibilidade do seu partido e porque Redondela merece un alcalde comprometido, con palabra e que defenda os intereses dos seus veciños con tódalas consecuencias. No caso de perder a presente moción, vostede debería saír por pernas do Concello, correndiño, liscando rapidiño... Deixarlle paso a un dos seus compañeiros, si home si, non teña medo, se perde a moción marche coa cabeza alta, é unha grande oportunidade que vai ter. Ninguén vai discutir que legalmente poida quedar, pero totalmente reprobado, coa cabeza gacha e empregando unha argucia legal para tentar aprobar os orzamentos pola porta de atrás. Xa volo levamos tempo dicindo, neste goberno hai cousas que non funcionan e vostede é o máximo responsable de que isto sexa así e o máis problemático de todo, cunha actitude onde non se observan visos de tentar facer as cousas doutro xeito. "

Pero, pero, pero.

Sr. Bas, non se faga vostede o xordo. Non escoitou nada do pleno ?

Os orzamentos son os que son, os mesmos que había pero xestionados por unha persoa honesta e capacitada. O que lle dixemos Sr. Bas é que non confiamos en vostede, na súa maneira de xestionar, que tamén é a mesma de antes. Moita risiña, moito dicir que si e facer o que lle dá a gana. Non lle recorda esa actitude a Xaime Máximo Rei?

Ten razón Ana Alonso cando afirma, en Radio Redondela, que non é tanto unha oposición ós orzamentos, porque os orzamentos so pre-supostos, e o importante vai nas bases deses orzamentos onde se pon de manifesto como controlalos e como executalos. Poderíanse mellorar as bases, pero son bastante mellores que as que había en calquera dos pasados orzamentos.

É certo que a nosa postura pon de manifesto a falta de confianza, baseada en feitos, non en opinións nin en discrepancias ideolóxicas, que tamén as hai.

Pero debemos engadir que o principal responsable da nosa postura é O ALCALDE, porque el é un dos que máis falta a eses principios que temos como bandeira: TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN.

Ímoslle facer uns recordatorios:

As modificacións que se fixeron nas bases dos orzamentos non son unha novidade, xa as viñamos reclamando dende o primeiro día, e non foran posibles. Certo que non só lle pareceron difíciles ao PP, tamén a outros grupos.

Mire vostede:

Dar conta de resolucións, da vostede bastantes, conta de moitas decisións despois de adoptalas sen encomendarse nin a deus nin ao demo. Aínda que non de todas, porque de moitas enterámonos de casualidade.

Empezou cun contrato de limpeza de fin de semana, contratacións de xardinería, contratación de LolaPop algo parecido a do Biglab, enxeñeiro cunha contratación simpática, empresa para divertimento do verán...

E PARTE DESTE NOSO DESCONTENTO VEN POLA SÚA SUMISIÓN Á QUE FOI A MAN DEREITA,..... DEREITA, ESQUERDA E CABEZA PENSANTE E MANDANTE,

Xa non está, ou si, depende como se mire porque na procesión non faltou, pero aínda que non está, a el correspóndelle unha grande parte da responsabilidade desa nosa decisión. Prepotencia e soberbia son modos políticos que non compartimos.

Señor Alcalde deixe de enviar recadiños vía telefónica ás cabezas pensantes que pouco, ou mellor, nada aportaron a Redondela máis que metelo en berenxerais que polo de ágora non sabe saír, e céntrese de cheo nos redondeláns, que a vila non está para aguantar tanto recadiño de ida e volta, que o único que fai é esgotar a batería do seu teléfono móbil. E a paciencia dos que intentamos dar mellores solucións.

Sr. Bas, vostede segue na maliciosa senda do seu compañeiro de partido. o Sr. Pazos (que teña bo acougo no seu novo sillón da capital), unha senda autoritaria, deixando en último lugar a transparencia e a participación cidadá... Ben se viu e ben se ve en moitos dos vosos xeitosos fracasos, logrando anoxar a unha parte importante dos veciños de Redondela. Por certo, non terá un postiño para vostede alá en Santiago o seu comandante, o Sr. Pazos? Esta é a súa oportunidade, non o dubide...

¿Que pasa coa Illa de San Simón? Non sabe nada vostede, seguro que non. Pois se non sabe nada, vostede é un incompetente.

¿Quere que confiemos en vostede? Pois é ben sinxelo: PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA.

Lanzou vostede un órdago ligado ós orzamentos, puido vostede facer o mesmo ligado a unha ordenanza fiscal e só lle custaría o seu posto, pero quixo facelo nesta ocasión. Alá vostede.

Señor Bas.

En AER sempre pensamos que non nos parece un xeito democrático de facer as cousas o "porque yo lo digo". Despois da actitude que están tendo ultimamente e que nós tanto lle criticamos, ágora véñennos con este acto de soberbia no pleno máis

importante do ano, tentando aprobar pola forza uns orzamentos que democraticamente saíron rexeitados. sete cuncas dunha actitude que nos levou a un estado de descontento que imos corroborar coa nosa votación.

Aquí temos, señoras e señores, ao Partido Popular demostrando por todo o alto cal sería a súa actitude se gobernara con Maioría.

Xa quedou atrás ese alcalde que aplaude a coherencia. Agora temos un que escuda o seu posto detrás duns orzamentos convencido de estar a bo resguardo.

Señor Bas, a ver si se entera, votamos que non aos orzamentos, pero sobre todo votamos que non a esta actitude.

¿Como se invitan as empresas para contratar obras e servizos?. A resposta é simple: ¡Como se fixo sempre!

¿Cada canto se convoca a comisión de servizos privatizados? ¿Cando imos saber as contas da festa do Choco ¡do ano pasado!?

¿Cando imos reducir as subvencións nominativas e sometelas a concurso aberto ?

¿Cando os veciños van poder saber a tempo as obras que se van facer na súa parroquia?

¿Cando se vai aclarar o que pensan facer co Conservatorio?

¿Cando se vai cumprir co regulamento dos Consellos parroquiais e informar de cada cousa que vaia facer na parroquia?

¿Cando imos saber o que ten pensado para o aparcamento ese das festas?

¿Cando se vai resolver o fedor da EDAR de Redondela?

¿Cando se vai deixar de pagarlle o gasóleo á piscina de Redondela?

¿Cando van gastar as partidas de servizos sociais?

¿Cando coñeceremos os convenios?

¿Cando ?

Sabe cal é a nosa resposta: NON CONFIAMOS EN VOSTEDE PORQUE EN DOUS ANOS COMPÓRTASE IGUAL CA OS DE ANTES, PORQUE VOSTEDS SIGUEN PENSANDO O MESMO QUE PENSABAN OS DE ANTES; QUE REDONDELA É UN CORTIJO E QUE SÓ HOUBO UN CAMBIO DE SEÑORITO.

ISTO NON É UN CORTIJO GOBERNADO CON MANDO E ORDENO, ISTO É UN CONCELLO NO QUE A VECIÑANZA TEN A OBRIGA E O DEBER DE COÑECER TODO CANTO SE FAI.

NON HAI NADA QUE OCULTAR, NON HAI NADA QUE MEREZA AGACHAR A CABEZA E TRAGAR AS ORDES DUN PARTIDO. VOSTEDE FOI ELIXIDO PARA SER ALCALDE DE REDONDELA, NON PARA SER REPRESENTANTE DO PP EN REDONDELA.

ALCALDE DE REDONDELA, NON REPRESENTANTE DO PP EN REDONDELA.

QUE SAIBA QUE NA ASEMBLEA DE AER, O ALCALDE PERDEU POR UNANIMIDADE, NINGÚEN DE NÓS CONFÍA EN VOSTEDE